

PMC/cf

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023072624
ASUNTO	Contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da Lamprea do destino Condado-Paradanta "Unha terra entre ríos" no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea Next-GenerationEU
TRÁMITE	Aprobación de expediente de contratación.

A deputada delegada da área de Infraestruturas públicas, mobilidade e contratación, en virtude das atribucións conferidas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Os Plans de sostenibilidade turística en destino son concibidos como proxectos que permiten ás entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixos previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado – Paradanta. Unha terra entre ríos" (PSTD Condado-Paradanta, a continuación). A súa concesión foi ratificada a través da Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo.

No contexto da implementación do PSTD Condado-Paradanta. Unha Terra entre ríos, proposto pola Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas e, máis concretamente, no Eixo programático "Competitividade", definiuse a Actuación 11: "Club do produto da Lamprea."

Por iso, contéplase a constitución e posta en marcha dun Club de Produto da Lamprea, cuxa finalidade é constituír unha asociación con personalidade xurídica propia que opere como un interlocutor único do produto a nivel nacional e/o internacional. Este concepto de Club de Produto permitirá a participación de todos os axentes que interveñan na cadea de valor e de distribución da lamprea.

As actividades do servizo de Turismo Rías Baixas baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. Para ese efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como coas convocatorias e proxectos que se pretenden executar e está xustificado anteriormente.



A competencia que exerce a Deputación na presente contratación baséase na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. Para ese efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como coas convocatorias e proxectos que se pretenden executar e está xustificado anteriormente.

Os traballos para realizar obxecto do contrato son necesarios para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentados e para o seu desenvolvemento e execución require de medios materiais e persoais especializados. O contrato para xestionar ten unha elevada complexidade técnica de execución, xa que debe englobar e integrar multitude de compoñentes necesarios para cumprir cos obxectivos definidos na iniciativa global.. Por tanto, dadas as características dos traballos para levar a cabo obxecto do presente contrato o servizo de Turismo Rías Baixas non dispón dos medios materiais e humanos, descritos nos pregos, adecuados para a realización das actividades necesarias para o seu cumprimento; ao tratarse de traballos que requiren de persoal especializado e con experiencia na súa realización o que implica un perfil profesional do que non se dispón suficientemente en estrutura, especialmente cuantitativamente.

A vista do exposto, a Deputada Delegada de Turismo dictou providencia de inicio para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da Lamprea do destino Condado-Paradanta "Unha terra entre ríos" no ámbito do Plan de sustentabilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea Next-GenerationEU.

Na memoria xustificativa do expediente , o xefe do servizo de contratación informa sobre o procedemento a seguir para a pretendida contratación, no que se indica o seguinte

"Réxime xurídico: ADMINISTRATIVO

Tipo: SERVIZO

Regulación harmonizada: NON

*Órgano competente: PRESIDENTE**

Tramitación: ORDINARIA

Procedemento de adxudicación: ABERTO SIMPLIFICADO

Xustificación da elección do procedemento de adxudicación: Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o aberto simplificado.

Concurrencia das condicións do artigo 159.1 LCSP".

Resultando que pola Intervención se emitiu documento de retención de crédito con cargo a aplicación orzamentaria 24/433.4325.227.06 do vixente orzamento provincial por importe de 110.118,56 €.

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría xeral, que informa favorablemente o expediente con data 08/02/2024.



Visto que con data 15/02/2024, solicítase informe de fiscalización á intervención que con data 28/02/2024, informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

1.-No informe de Secretaría recóllese que: "Non obstante, da documentación obrante no expediente non se ten coñecemento que se trate de bens pertencentes á Deputación ou se existe algún convenio de colaboración entre os concellos e o ente provincial para levar a cabo ditas actuacións ou mesmo do instrumento xurídico que canalizará a relación entre as administracións involucradas neste proxecto de difusión turística da comarca así como as súas funcións e alcance". A este respecto sinalar que, os pregos técnicos recollen como ente xestor do Club de Produto ao Grupo de Desarrollo Rural (GDR) sen identificar o grupo do que se trata. Entendemos que se trata do GDR Condado- Paradanta, o cal debería quedar reflectido en ditos pregos. Entre as funcións deste grupo GDR está a de elaborar e desenvolver uns Estatutos xurídicos propios do Club de Produto e, a este respecto, advertir da necesidade de tramitar coa maior celeridade posible os convenios de colaboración coas entidades implicadas. Ademais, reiterar, como xa se puxo de manifesto noutros informes de Intervención, que para a realización deste tipo de actuacións, nos que a titularidade non é da Deputación, debe tramitarse, con carácter xeral, un protocolo de todas as accións a desenvolver.

2.-A raíz do indicado no apartado anterior, debe terse en conta que, nos respectivos convenios/instrumentos xurídicos deben regularse as obrigas das entidades participantes para o funcionamento e, no seu caso, financiamento, e a obrigatoriedade de dar cumprimento ao establecido na lexislación aplicable sobre o mínimo esixido de 5 anos de manter en funcionamento as actuacións realizadas.

3.-(*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.

4.-Na cláusula 10.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento á empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e que resultan un tanto ambiguos e xerais, facendo difícil a posterior comparación entre as ofertas, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.



5.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

En relación coa observación posta de manifesto pola intervención no punto 1 aclárase que actualmente se está tramitando a aprobación dun convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación para o desenvolvemento rural Condado-Paradanta para o desenvolvemento de actuacións que compoñen o proxecto “Plan de sostenibilidade turística en destino Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos” no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola UE Next-Generacións, segundo consta no informe emitido pola Xefa do Servizo de turismo Rias Baixas con CSV(K19PTY5FM7KR9B34).

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 17; e da Resolución Presidencial número 2023006130, de 2 de agosto do 2023, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2023006250, de 8 de agosto do 2023,
RESOLVO:

1.- **Aprobar** o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da Lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea Next-GenerationEU.

2.- **Aprobar os pregos** de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: AL6O8M4BWMVJ2RMD) e de prescricións técnicas (csvP51484IXCI6PN2UM) que rexerán na presente contratación.

3.- **Autorizar o gasto** polo importe máximo de 48.492,71€ a financiar con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.4325.227.06.2023 (Vinculación xurídica)	102.118,56 €

4.- **Nomear como responsable do contrato** a Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas.



5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do **prazo de 15 días naturais**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

